

**ACTA ASEMBLEA SPG A GAVELA.  
XANEIRO do 2020.**

26/01/2020. 11-14H

**Lugar:** VERXEL DE COIRO. CANGAS.

**Asisten:** Cris, Estela, Lukas, Hector  
Javier, Eduardo, Xaquín e Moncho.

**Orde do día:**

1. Integrantes so Spg.
2. Estado de contas e pago das coutas anuais
3. Debate sobre a situación actual do colectivo, incorporación de novos integrantes, presenza en mercados,...
4. Visitas 2020
5. Rogos e preguntas
6. Data e lugar seguinte Asamblea

- 
1. Recontandonos,.. o listado sería este:
    - Zona de Vigo: Eduardo, Javi e Candido (Arbore Coop)
    - Zona do Morrazo: Hector, Cris, Lukas e Estela.
    - Zona de Redondela: Xaquín, Moncho, Xacobe e Belen,
    - Zona do Val Miñor: Anxeles (Despensa)

Fica a dúbida de se Antia seguirá colaborando.

2. Diana, que comunicou a súa baixa definitiva do grupo, enviou os 169€ (saldo de contas a final do 2019) a Eduardo, para que os poña a disposición de Anxeles, que será a encargada durante este ano 2020 de levar as contas.

Todos os asistentes a assemblea pagaron a súa cuota de 10€, restarian por efectual os ausentes na assemblea:

Arbore, Anxeles, e Jacobo & Belen  
Así as cousas o saldo total fica en 249€

3. Comentase o continuo goteo de baixas dentro do grupo, o contraste entre a situación actual e o que chegou a ser anos atrás.  
Discutese o metodoloxía para a incorporación de posibles novos integrantes, debido a que nalgún caso do ano pasado, agromaron diversos problemas de funcionamento.  
Conclúese que o informe da visita e algún novo proxecto interesado (sexa este favorable ou non) debe chegar a assemblea seguinte para ser exposto e discutido en grupo.

Así mesmo falouse da posibilidade de establecer uns prazos, tipo “periodo de conversión”, para aqueles proxectos interesados en confluír pero que non cumpran, polo motivo que sexa, algún dos criterios necesarios de integración.

En relación con isto, falouse de ter en conta o listado de prezos mínimos elaborado hai anos, e que Hector, remitiu recentemente a lista de correo.

Habería que incorporalo, dalgunha forma, a os criterios xerais de aceptación.

Con ese fin, sería convinte, na próxima assemblea, poñela en común, para así poder discutila e completala entre tod@s.

Facendo balance sobre a presenza do Spg nos distintos mercados no ano 2019. Mostra do posible, O Toxo, Feira en Pontearreas,.. Aparecen opinións moi dispares,.. A falta de produto, e de rendemento económico, pero tamen, o número reducido de integrantes dispostos a implicarse na loxística deses eventos deixan no aire a posibilidade de continuar coma colectivo nestas experiencias.

Por último, seguimos pendentes da actualización e operatividade da web, cuestión na que esta traballando Candido, e para a que Hector se ofrece a colaborar.

4. Eduardo queda encargado de elaborar una proposta de calendario de visitas para este 2020, que presentara na próxima assemblea para o seu debate.

5. Belen & Xacobe enviaron esta mensaxe via wasup, desculpando a súa ausencia a assemblea i expondo o seguinte:

“...gustaríamos poder falar sobre a posibilidade de buscar unha mellor maneira de colaborar entre todas. Un pouco na liña do que falara con Cris co tema da comercialización de excedentes, de ofertar cousas das demais que as demás non temos. Dos traballos colaborativos, dándolle por fin un pulo a ese tema.

Tamén convida darlle unha volta á parte da comunicación ou marketing. Teríamos que revisar o material e ver de ter unha información que chegue mellor á xente. De feito xa non queda material para repartir, por iso igual era mellor darlle unha volta antes de reeditar o que xa está. Nos nisto podemos botar unha man. Xa nos contaredes.”

6. Acordase fixar a data da próxima xuntanza para o Domingo 10 de Maio, no local de Arbore Coop. Vigo.

